



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingua Galega 1	Código	613G01002	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán Lourenzo Modia, Cilla	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es cilla.lourenzo.modia@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia céntrase no estudo descritivo e instrumental da lingua galega, así como na elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos e de calquera época.</p> <p>Alén disto, preténdese potenciar no alumnado a capacidade comunicativa, o contraste de ideas e o pensamento crítico, fomentar a aprendizaxe autónoma e o traballo cooperativo, e integrar o labor académico no noso contexto social e cultural.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2	
Dominar a comunicación oral e escrita en lingua galega nun nivel avanzado.	A4	B4
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9	
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11	



Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Caracterización da lingua galega	1.1. Posición do sistema lingüístico galego-portugués nos idiomas románicos
2. Aproximación sociolingüística	2.1. Plurilingüismo e diversidade lingüística. A perspectiva ecolingüística 2.2. Diglosia e conflito lingüístico 2.3. O galego como lingua minorizada 2.4. Actitudes e preconceitos sobre as linguas e sobre o galego
3. Principais particularidades da lingua escrita (I)	3.1. A lingua estándar e a variación lingüística 3.2. A lingua literaria
4. Principais particularidades da lingua escrita (II)	4.1. Cuestións ortográficas 4.2. Cuestións fonético-fonolóxicas 4.3. Cuestións morfolóxicas (nome, pronome e verbo) 4.4. Cuestións sintácticas (usos e valores pronominais, usos e valores verbais)
5. Principais particularidades da lingua oral con repercusión no modelo culto	5.1. Fenómenos dialectais 5.2. Vulgarismos 5.3. Españolismos 5.4. Pseudogaleguismos 5.5. Outros desvíos lingüísticos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A11 B4 B5 B7 B9 B10 C4	18	18	36
Lecturas	A2 A4 A11 A15 B1 B3 B7	0	10	10
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B3 B4 B5 B7 B8	21	21	42



Solución de problemas	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	0	40	40
Presentación oral	A4 A9 A11 A15 B3 B4 B7 B8	2	4	6
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B4 B5 B6 B7	2	10	12
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en aulas fundamentalmente expositivas á volta dos contidos básicos da materia, unhas aulas en que se utilizarán diversos textos de carácter teórico-práctico seleccionados especificamente para facilitar a análise e a comprensión dos contidos. Alén disto, nestas sesións coordinaranse actividades individuais ou grupais, resolveranse as dúbidas a respecto dos contidos propostos e achegarase bibliografía específica para cada tema.
Lecturas	O estudantado deberá realizar, fóra da aula, lecturas puntuais obrigatorias para poder levar a cabo certas actividades propostas (exercicios, debates, comentarios etc.) e atinxir unha boa calidade lingüística.
Obradoiro	Nas sesións de grupo intermedio e reducido, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas ACTIVIDADES PRÁCTICAS sobre temas concretos do temario para asentir os coñecementos adquiridos nas aulas maxistrais. A combinación de diferentes modalidades formativas de carácter práctico (exercicios estruturais, estudos de casos e solucións de problemas, análises e correccións de documentos orais e escritos, redaccións, debates, traballo en grupo etc.) permitirá ao alumnado desenvolver eficazmente tarefas relacionadas cos contidos da materia.
Solución de problemas	Como complemento das actividades presenciais, o profesorado solicitará unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS que os/as estudantes deberán realizar en horas non presenciais e entregar nas datas marcadas.
Presentación oral	Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que desenvolver en grupo unha proba oral.
Proba mixta	Realizarase unha PROBA ESCRITA final en que se deberán mostrar os coñecementos e as competencias adquiridas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba mixta Solución de problemas Presentación oral	O profesorado porá á disposición do alumnado dunha atención personalizada coa finalidade de resolver dúbidas e de pautar o seguimento daquelas metodoloxías que o requiriren. Alén disto, o profesorado estará dispoñíbel no horario de atendimento e a través do correo electrónico co fin de resolver as dúbidas que foren aparecendo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B3 B4 B5 B7 B8	No OBRADOIRO avaliarase a participación, o traballo en grupo, a adecuación, coherencia e cohesión lingüística e de expresión (oral e escrita), así como o correcto desenvolvemento das diversas ACTIVIDADES PRÁCTICAS deseñadas nas aulas de grupo intermedio e reducido.	5
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B4 B5 B6 B7	Na 1.ª oportunidade (xaneiro) realizarase unha PROBA MIXTA ESCRITA en que se avaliarán os contidos e as competencias adquiridas na materia (nomeadamente a competencia gramatical e a competencia comunicativa escrita).	50



Solución de problemas	A1 A2 A4 A9 A11 A15 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8	Nas ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais avaliaranse a corrección lingüística, a adecuación, coherencia e cohesión textuais, a competencia comunicativa escrita etc. Estas actividades, consistentes na redacción en grupo do texto base para a presentación oral e a corrección individual dun dossier de textos, deberán entregarse nos días fixados.	30
Presentación oral	A4 A9 A11 A15 B3 B4 B7 B8	Na PRESENTACIÓN ORAL avaliarase a competencia comunicativa (comprensión, expresión e interacción orais) do alumnado, así como a correcta execución das tarefas propostas.	15

Observacións avaliación



## 1. OBSERVACIÓNS XERAIS

### 1.1. Para superar a materia, é

preciso aprobar a PROBA MIXTA ESCRITA, a PRESENTACIÓN ORAL e as ACTIVIDADES PRÁCTICAS avaliábeis do apartado SOLUCIÓN DE PROBLEMAS (cun mínimo de 5 puntos sobre 10).

### 1.2. Todas as probas e actividades

deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística

(ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica etc.).

1.3. As actividades prácticas entregaranse unicamente na aula, en papel, nos días fixados polo profesorado.

### 1.4. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación

final de actividades se estas foren entregadas fóra de prazo sen causa xustificada. Así, se se detectar plaxio, este levará consigo o suspenso da actividade.

### 1.5. Os/As alumnos/as

que non superaren a materia en xaneiro poderán recuperala parcial ou totalmente na 2.<sup>a</sup> oportunidade (xullo) segundo as normas detalladas na epígrafe seguinte.

## 2. CUALIFICACIÓN FINAL na 2.<sup>a</sup> OPORTUNIDADE (xullo)

### 2.1. Os/As estudantes que suspenderen

a PROBA MIXTA ESCRITA deberán facer outra

proba do mesmo tipo que a da 1.<sup>a</sup> oportunidade na data, hora e lugar establecidos no calendario oficial de exames da Facultade para a 2.<sup>a</sup>

oportunidade. Esta proba suporá igualmente o 50% da cualificación final e será preciso obter 5 puntos sobre 10 para aprobar.

### 2.2. Os/As estudantes que suspenderen

as ACTIVIDADES PRÁCTICAS avaliábeis (que

se corresponden co apartado SOLUCIÓN DE PROBLEMAS) deberán realizar outras actividades substitutivas que se lles encomendaren e que constituirán o 45%

da cualificación final. Para este efecto, o profesorado da materia fará

públicas, xunto coas cualificacións da 1.<sup>a</sup> oportunidade, as instrucións

correspondentes (actividades asignadas, datas de recollida e entrega etc.). Así, igual que na 1.<sup>a</sup> oportunidade, o/a alumno/a deberá ter realizado e aprobado (con 5 puntos sobre 10) todas as

actividades que foren solicitadas.

### 2.3. Os/As estudantes que non atinxiren a puntuación mínima na PRESENTACIÓN

ORAL (con 5 puntos sobre 10),

que supón o 5% da cualificación final,

terán que defendela de novo na 2.<sup>a</sup> oportunidade. Esta proba oral realizarase a seguir á proba mixta escrita da 2.<sup>a</sup> oportunidade.

## 3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO

### 3.1. En cada oportunidade de

avaliación o/a alumno/a recibirá a cualificación de NON PRESENTADO (NP) se non se presentar á proba escrita e, alén disto, se o número de actividades avaliábeis

presentadas for inferior ao 50%.

## 4. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL CON DISPENSA ACADÉMICA

### 4.1. O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica

recoñecida deberá pórse en contacto co profesorado da materia no inicio do curso para planificar, en cada situación concreta, os axustes necesarios

na

avaliación no tocante ás

actividades presenciais (que serán substituídas por outras non presenciais equivalentes).

#### 5. CONVOCATORIA DE DECEMBRO

O alumnado que se presente á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba mixta (50 %), presentación oral (20%) e solución de problemas (30 %).



## Fontes de información

<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Álvarez Blanco, Rosario / Xove, Xosé (2002): Gramática da lingua galega (Vigo: Xerais). Carballeira Anllo, Xosé M.<sup>a</sup> (coord.) (2009): Gran dicionario Xerais da lingua (Vigo: Xerais). Cassany, Daniel (2008): La cocina de la escritura (Barcelona: Anagrama). Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006 [2001]): Manual de Gramática galega (Vigo: A Nosa Terra). Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): Lingua de calidade (Vigo: Xerais). Fuentes Rodríguez, Catalina (2011): Guía práctica de escritura y redacción (Madrid: Espasa). Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012): O modelo lexical galego (Santiago de Compostela: Através Editora). González Rei, Begoña (2004): Ortografía da lingua galega (A Coruña: Galinova). Hermida, Avelino (2006): Manual de conxugación verbal da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio). Hermida Gulías, Carme (2004): Gramática práctica (Morfosintaxe) (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco). López Viñas, Xoán / Lourenço Módia, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011 [2010]): Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión (A Coruña: Baía Edicións). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 1. Comprensión oral (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 2. Expresión oral (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 3. Comprensión escrita (Vigo: Xerais). Muñoz Saá, Begoña / Sarmiento Macías, María Xesús / Alonso Pintos, Serafín (2004): Claro e seguido 4. Expresión escrita (Vigo: Xerais). Nascimento, Zacarias / Pinto, José Manuel de Castro (2006): A dinâmica da escrita ? como escrever com êxito. 5.<sup>a</sup> edição (Lisboa: Plátano Editora). Navaza Blanco, Gonzalo (coord.) (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos frases e expresións (Vigo: Xerais). Pena, Xosé Ramón (coord.) (2005): Gran dicionario século XXI da lingua galega (Vigo: Galaxia / Edicións do Cumio). Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2005): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. 20.<sup>a</sup> edición (A Coruña: RAG / Santiago de Compostela: ILG). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/19499da0-6a97-4d15-aa91-fa7a36f5f2bd">http://www.realacademiagalega.org/documents/10157/19499da0-6a97-4d15-aa91-fa7a36f5f2bd</a> [Consulta: 01/07/2013]. Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega (A Coruña: Real Academia Galega). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> [Consulta: 01/07/2013]. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2012-): Dicionario da Real Academia Galega. Edición electrónica dispoñíbel en: <a href="http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do">http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do</a> [Consulta: 01/07/2013]. Cfr. APP para Android e iOS. Ríos Noya, Marisol / Pita Rubido, María Luísa / Nogueiro Gómez, Ramón José / Brozos Mera, Beatriz (2007): Manual de documentos administrativos (A Coruña: Universidade da Coruña). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.udc.es/snl/documentospdf/manual_doc_udc.pdf">http://www.udc.es/snl/documentospdf/manual_doc_udc.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Rivas Cid, Xoán (coord.) (2010): Manual básico de documentación administrativa e xurídica (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / EGAP). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/manualxuridico2010.pdf">http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/manualxuridico2010.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012) [2006]: Sobre a calidade da nosa lingua. 3.<sup>a</sup> edición (A Coruña: Universidade da Coruña). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf">http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Sanmartín Rei, Goretti (coord.) (2012) [2006]: Criterios para o uso da lingua. 3.<sup>a</sup> edición (A Coruña: Universidade da Coruña). Tamén dispoñíbel en: <a href="http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf">http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf</a> [Consulta: 01/07/2013]. Serrano Serrano, Joaquín (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya).</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>Proporcionarase bibliografía complementaria e específica por temas.</p>

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías